



I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DECRETO 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega).

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 27.18º, a competencia exclusiva desta Comunidade Autónoma en materia de arquivos, bibliotecas e museos de interese para Galicia e que non sexan de titularidade estatal; e no seu artigo 37.2º determina que lle corresponde á Xunta a potestade regulamentaria nas materias da súa competencia exclusiva.

O Decreto 114/1982, do 1 de setembro, sobre asunción de transferencias en materia educativa, establece que as competencias transferidas en virtude do Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, serán exercidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; entre esas competencias figurarán a elaboración e desenvolvemento de proxectos de experimentación e investigación educativos.

Así mesmo, o Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sinala en harmonía co artigo 31 do Estatuto de autonomía para Galicia, que é a este departamento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ó que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega; a coordinación do sistema universitario; e o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións docentes de interese galego.

Pola súa parte, a Lei 8/1995, do 30 de outubro, pola que se regula o patrimonio cultural de Galicia, define os museos como institucións de carácter permanente, abertas ó público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e desenvolvemento cultural da comunidade en xeral, por medio da recollida, adquisición, inventario, catalogación, conservación, investigación, difusión e exhibición- de forma científica, estética e didáctica- de conxuntos e coleccións de bens patrimoniais de carácter cultural que constitúen testemuños das actividades do ser humano ou do seu contorno natural, con fins de estudo, educación, aproveitamento e promoción científica e cultural.

Neste marco, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria propón a creación dun centro específico destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións pedagóxicas e lingüísticas que poñan de manifesto a variedade e riqueza do patrimonio educativo de Galicia, posibilitando, así, a súa catalogación, sis

tematización e custodia. Deste xeito estímase que se fomentará o estudo da herdanza educativa galega como ben cultural propio e que se asegurará a permanencia e transmisión do noso patrimonio educativo como legado ó acervo cultural de Galicia.

Desde esta perspectiva, débese subliñar que en Galicia se vén desenvolvendo un traballo pedagóxico, en xeral, e de achegamento educativo á realidade galega, en particular, que é necesario recuperar e cofecer para unha máis adecuada comprensión do noso presente; así mesmo, con esta iniciativa recóllese e actualízase o testemuño histórico de crear un centro museístico rexional e a proposta de resolución que, en similar sentido, acordou a Comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia.

En consecuencia, despois do informe do Consello Escolar de Galicia, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dous de novembro de dous mil,

DISPÓÑO:

Artigo 1º.-Creación.

Créase o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), coa finalidade de promover e desenvolve-la recuperación, salvagarda, estudo, mostra e difusión do legado pedagóxico da nosa Comunidade Autónoma.

Artigo 2º.-Obxectivos.

Son obxectivos do Mupega:

1. A recuperación, conservación, estudo e mostra daquelas producións e bens patrimoniais de interese para a historia da educación e a memoria colectiva da Comunidade galega.
2. A especial atención ás realizacións educativas en lingua galega e ás referentes ó ensino da lingua e da cultura galegas.
3. A constitución dun centro documental e de recursos pedagóxicos que fornezan de instrumentos heurísticos e faciliten o estudo e a difusión da educación en Galicia na súa historia, actualidade e prospectiva.
4. A realización de mostras de carácter temporal ou permanente cos fondos depositados na propia institución ou cedidos por outras entidades.
5. A promoción de proxectos, publicacións e outro tipo de actividades que contribúan a recupera-la memoria educativa de Galicia e a dinamiza-la súa realidade pedagóxica.

Artigo 3º.-Funcións.

Son funcións do Mupega:

1. Programar e realizar exposicións relacionadas cos distintos ámbitos sectoriais do mundo da educación e da pedagogía en Galicia.
2. Potenciar e incentiva-la investigación e a innovación no eido da pedagogía en Galicia.
3. Colaborar na formación e actualización pedagóxica dos profesionais da educación.
4. Elaborar bases de datos sobre a educación na nosa Comunidade Autónoma.

5. Recadar, catalogar, custodiar e difundir-los acervos bibliográficos e documentais galegos, así como as producións nas que se obxectivan a memoria e a actualidade educativas de Galicia.
6. Deseñar e preparar unidades didácticas e materiais de traballo relacionados coas finalidades e actividades propias do Mupega.
7. Manter relacións de intercambio e colaboración con outros centros análogos.
8. Actuar como axente vertebrador e coordinador doutros espazos museísticos de temática educativa existentes en Galicia, sen prexuízo da súa autonomía de funcionamento, para a execución e o desenvolvemento de iniciativas conxuntas.
9. Dotar unha biblioteca especializada en materias relacionadas co museísmo pedagóxico.
10. Promove-la realización e difusión de publicacións específicas tocante á temática propia dos proxectos e das actividades emprendidas.
11. Impulsa-la celebración de encontros e xornadas de estudo sobre aspectos relacionados co museísmo pedagóxico e a recuperación da memoria educativa da nosa comunidade.
12. Propoñerlle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o asinamento de convenios de colaboración con outras institucións públicas e privadas.
13. Colaborar, se é o caso, na realización de estudos, informes e investigacións sobre a educación e a infancia en Galicia.
14. Calquera outra iniciativa ou acción tendentes á consecución das finalidades que se lle atribúan, no marco do seu obxecto específico.

Artigo 4º.-Competencias funcionais.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria exercerá, no ámbito deste decreto, as seguintes funcións:

1. A xestión xeral do Mupega, a través da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
2. A aprobación do plan xeral anual das actividades do museo.
3. A xestión económico-administrativa do Mupega.
4. A aprobación do regulamento interno de funcionamento.
5. As relacións do Mupega con calquera outro organismo ou entidade, así como a súa representación dentro e fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5º.-Comisión rectora.

Constituirase unha comisión rectora do Mupega, que será presidida polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, ou persoa en quen delegue, e que contará cos seguintes vocais:

1. O secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
2. O director xeral de Centros e Inspección Educativa.
3. O director xeral de Política Lingüística.
4. O representante que designe a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
5. O coordinador científico do Mupega.
6. O representante de un dos órganos consultivos en materia de patrimonio cultural.

Actuará como secretario desta comisión o administrador do museo.

Esta comisión rectora terá as seguintes funcións:

- a) Supervisa-lo Mupega nos seus temas específicos.
- b) Emitir informe sobre o regulamento de réxime interno do Mupega, e, se é o caso, sobre as propostas de proxectos e programas propios do museo.
- c) Estudia-lo plan xeral anual de actividades do centro.
- d) Coñece-la memoria anual de actividades elaborada polo coordinador científico do museo.

Artigo 6º.-Coordinación científica.

O conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta da secretaria xeral, nomeará ó coordinador científico do Mupega. Este terá como principal función a supervisión de tódalas actividades científicas propias do museo, e en particular:

1. Ser vocal da comisión rectora.
2. A coordinación científica das áreas do museo.
3. A execución dos plans xerais de actuación do museo, logo da proposta e aprobación pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
4. A elaboración da memoria anual de actividades e a confección da proposta de anteproxecto de orzamento do museo.
5. Dar conta do contido da programación de actividades ante a comisión rectora.
6. Elaborar e propoñerlle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e á comisión rectora o regulamento interno e de funcionamento do museo.
7. Propoñerlle á secretaria xeral os plans de publicacións para a promoción e difusión de tódalas actividades do museo.

Artigo 7º.-Áreas.

Para o cumprimento das súas funcións, o Mupega contará coas seguintes áreas de actuación:

1. Área de documentación e recursos, á que lle corresponde:
 - a) Reunir, catalogar e poñer á disposición dos investigadores e estudiosos os fondos documentais en calquera tipo de soporte, xerados arredor da educación ó longo da historia de Galicia.

- b) Recompilar e conserva-los testemuños dos ámbitos temáticos da súa incumbencia.
- c) Constituír unha biblioteca e unha hemeroteca especializadas na educación e a pedagogía en Galicia.
- d) Crear unha ludoteca á que se incorporen principalmente os xoguetes autóctonos e os xogos propios de Galicia.
- e) Elabora-las bases de datos que se propoñan para os fins do museo.
- f) Asistir e asesorar a tódalas persoas e institucións que estean interesadas na consulta dos seus fondos.
- g) Establecer unha mediateca educativa onde se integren, nos seus diversos soportes e presentacións, os compoñentes e contidos nos que se obxectivan as materias propias do museo.

2. Área de conservación e mantemento, á que lle corresponde:

- a) Rehabilitar e salvagarda-las coleccións propias ou en depósito do Mupega.
- b) Vixiar e face-lo seguimento do estado de conservación das pezas custodiadas.
- c) Colaborar na difusión das coleccións específicas do Mupega.
- d) Cooperar, cando así se estableza, na realización do estudio dos fondos propios.

3. Área de exposicións, estudos e publicacións, á que lle corresponde:

- a) Propoñe-la realización de exposicións e responsabilizarse da súa xestión.
- b) Programa-la celebración de congresos, xornadas e outras accións de carácter formativo.
- c) Elaborar unidades didácticas no tocante ás áreas temáticas do museo.
- d) Promove-la realización de investigacións, informes e publicacións de forma autónoma ou en colaboración con outras entidades sobre temas da súa incumbencia.

En cada unha destas tres áreas haberá un responsable técnico, que se encargará de desenvolver-los proxectos concretos que vai realizar directamente o museo ou en virtude de convenios con outras institucións.

Artigo 8º.-Cobertura de prazas.

A provisión de prazas adecuarase ó disposto no Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por funcionarios públicos docentes, e demais normativa en materia de función pública.

Artigo 9º.-Administrador.

Un funcionario da secretaría xeral, designado polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria por proposta do secretario xeral, será o administrador do museo.

Son funcións do administrador:

1. A xestión económico-administrativa do museo.
2. A coordinación da xestión do museo cos servicios correspondentes da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
3. A comprobación dos custos das actividades do museo e a presentación de balances económicos á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
4. Asisti-lo coordinador científico no seu cometido.
5. Se-lo secretario da comisión rectora.

Artigo 10º.-Financiamento.

O Mupega financiarase con cargo ós orzamentos que para tal fin dispoña a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Disposición transitoria

Única.-A autorización e cualificación deste museo precisará, con carácter previo, da correspondente tramitación ante a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Disposición derradeira

Única.-Facúltase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las normas de desenvolvemento e execución deste decreto.

Santiago de Compostela, dous de novembro de dous mil.

Manuel Fraga Iribarne

Presidente

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

[Ir á sección](#)

[Ir á seguinte](#)

